

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE AGOSTO DE 2011

2.- Proposta da Alcaldía relativa á delegación de competencias na concelleira de Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, Sanidade e Parques e Xardíns.

Delégase na devandita concelleira a concesión de licenzas e autorizacións en materia do cemiterio municipal de Boisaca.

3.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á prórroga do nomeamento do persoal da Oficina de Rehabilitación.

Apróbase a prórroga ata o 31 de decembro de 2011 do nomeamento de catro traballadores desta Oficina.

4.- Proposta da concelleira de Muller relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación no exercicio 2011 de traballadoras desempregadas para realizar servizos de interese xeral e social.

Acórdase solicitar unha subvención á Consellería de Benestar para a contratación de 11 traballadoras para programas de varias áreas municipais.

5.- Proposta do concelleiro de Cultura relativa á aprobación das Bases da XXIX edición do Premio Blanco Amor de novela.

Apróbanse as bases do Premio.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á solicitude de TUSSA de autorización da firma do contrato coa empresa AUTOS CARBALLO SA para o arrendamento de 12 prazas de autobuses no aparcadoiro de borde de Salgueiriños

Autorízase a sinatura do devandito contrato, en virtude do cal a empresa aboará 1.800 euros mensuais polo arrendamento, correspondentes coa tarifa normal da instalación. O contrato abrangue ata o 31 de decembro de 2011, coa posibilidade de prórroga de seguir xestionando TUSSA o estacionamento máis alá desa data.

7.- Proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestruturas relativa ao recoñecemento do cobro en concepto de xuros de demora na fixación do prezo xusto nunha finca do proxecto de expropiación para o saneamento da conca do río Aríns.

Recoñécese o devandito cobro.

8.- Autorización cesión casetas NC184 e NC185 a favor de "MERCADOS DE ABASTOS DE SANTIAGO, S.COOP.G.

Autorízanse as devanditas cesións.

9.- Renovación de autorizacións de venda ambulante na explanada de Salgueiriños para o ano 2011.

Procédese á renovación das devanditas autorizacións.

10 a 26- Propostas da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativas a beneficios fiscais no impostos sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (Plusvalía).

Apróbanse os beneficios fiscais solicitados.

URXENCIAS

1. Acórdase solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha prórroga do prazo para a presentación da documentación relativa á adxudicación de todas as obras que o Concello de Santiago ten incluídas no POS 2011 ata o 1 de novembro.